

# DÚATLON

XOGOS GALEGOS DEPORTIVOS EN IDADE ESCOLAR

## 1. INSCRICIÓNS

A inscrición no programa XOGADE (Xogos Galegos Deportivos en Idade Escolar) formalizarase a través da páxina Web [www.deporteescolargalego.com](http://www.deporteescolargalego.com). Pódese acceder tamén a través da web "<https://inscripcion-xogade.xunta.gal/>"

Para as fases provincial e galega, a inscrición para a competición deberá facerse con 10 días de antelación ao inicio da competición.

## 2. PARTICIPANTES

Poderán participar nesta actividade, os centros escolares, as ANPAS, agrupacións deportivas, escolas deportivas municipais, clubs deportivos e outras asociacións, nas competicións individuais e por equipos das categorías benxamín, alevín, infantil e cadete (masculina e feminina).

## 3. CATEGORÍAS

**Categoría BENXAMÍN** feminina e masculina: nados nos anos 2012-2013.

**Categoría ALEVÍN** feminina e masculina: nados nos anos 2010-2011.

**Categoría INFANTIL** feminina e masculina: nados nos anos 2008-2009.

Equipos Masculinos e femininos. Estarán compostos polos participantes da entidade inscrita (masculinos ou femininas de cada categoría), e puntuarán os/as 3 mellores clasificados/as da categoría.

## 4. DISTANCIAS A PERCORRER

CATEGORIAS	Carreira/Bici/Carreira		
Benxamín	400 m	De 1km. a 2 Km.	200 m
Alevín	800 m	De 3Km. a 4 Km.	400 m
Infantil	1.200 m	De 5 Km. a 6 Km.	600 m

## 5. SISTEMA DE COMPETICIÓN

### Fase zonal

Realizaranse un máximo de 2 xornadas por provincia, ás que se poden anotar os/as deportistas e entidades que o desexen e que cumpran os requisitos de inscrición.

Serán dúas probas clasificatorias, nas que clasificarán para a final provincial os/as 25 primeiros/as nas probas clasificatorias individuais. Non haberá clasificación por equipos.

### Campionato provincial

Participarán os/as clasificados/as individuais nas fases previas e, de ter o número necesario de deportistas clasificados, poderán formar equipos para entrar na clasificación por equipos.

Non haberá invitacións.

## 6. REGLAS DE COMPETICIÓN

Esta modalidade combina a bicicleta coa carreira a pé.

### Ciclismo

Obrigatorio o uso correcto do casco, que non se poderá utilizar no sector da carreira a pé.

Permitiranse minifreos para categorías benxamín e alevín.

Permitirase bicicleta de montaña

Os guiadores deberán estar tapoados e a bicicleta non poderá levar acoples ou outros dispositivos que poidan causar perigo.

## 7. PREMIOS

Os servizos provinciais proporcionarán as medallas da fase provincial. Na fase zonal non se proporcionarán medallas por parte do servizo provincial.

Os/as duatletas que participen na fase provincial, recibirán medallas de 1º, 2º, e 3º clasificado/a.

## 8. OUTRAS NORMAS

Todos os aspectos non recollidos nestas normas serán regulados pola normativa oficial da Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon Moderno, que se pode consultar na páxina web da federación: [www.fegatri.org](http://www.fegatri.org)

É recomendable consultar a normativa específica de cada proba.

Tamén poden consultar na páxina web do programa Xogade: [xogade.xunta.gal](http://xogade.xunta.gal).

## 9. SEGURO

Toda a documentación referente á cobertura do seguro está dispoñible no programa Xogade, na páxina web "<https://inscripcion-xogade.xunta.gal/>"

Nesta páxina o acceso ao protocolo de actuación e á poliza do seguro é aberto.

Lembren que todo o corpo técnico, deportistas e familiares deben coñecer o protocolo de actuación do seguro de accidente deportivo.

## 10. PROTOCOLO FISICOVID-DXT

A proba rexerase polo protocolo FISICOVID-DXT da Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon Moderno, certificado pola Secretaría Xeral para o Deporte, vixente no momento da celebración da proba, sendo detallado no seu regulamento as normas principais do mesmo.

O protocolo vixente coa correspondente certificación poderá consultarse na seguinte ligazón

" <https://fegatri.org/covid-19/>"